

## CREMA ESPERMICIDA



A crema espermicida contén sustancias químicas que inactivan os espermatozoides. Ten unha eficacia do 71-82%.

Preséntase cun tubo que contén a crema espermicida e un aplicador máis un émbolo.

### Normas de uso:

- . Introduce a crema espermicida ata 1 hora antes do coito.
- . Enche o aplicador de crema espermicida ata onde indica a marca.
- . Introduce o aplicador cara ao fondo da vaxina de tal maneira que, ao empurrar o émbolo, a crema quede depositada no fondo.
- . Non laves os xenitais con xabón ata despois de 6 horas do último coito.
- . Se hai coitos sucesivos aplica crema espermicida antes de cada coito.
- . Comproba a data de caducidade.

Consulta en caso de que notes picor ou irritación vaxinal.

Lembra, este método non protexe de infeccións de transmisión sexual.

Se non o utilizaches correctamente solicita anticoncepción de urxencia en calquera centro de saúde, puntos de atención continuada e centros de orientación familiar.